EXERCICIOS AUTOAVALIABLES DESCARGABLES. UNIDADE 5. 5ª QUINCENA

1. COMENTARIO DE TEXTO: A REDENCIÓN DOS FOROS

Art.1. Decláranse redimibles tódolos foros, subforos, foros frumentarios, rendas en saco, sisas, dereituras, cédulas de planturia e calquera outras gravames de análoga natureza xurídica sobre bens inmobles nas provincias de Galicia, Asturias e León (…).

Art. 4. As rendas forais pagadoiras en (…) especie (…) reduciranse a diñeiro mediante acordo dos interesados e, no seu defecto, servirá de base o prezo medio que a unidade tivera no concello no que se realice o pago (…).

Art. 6. O pago do capital poderá facerse en varios prazos ata cinco anos (…)

Art. 7. Para esixila redención deberán os foreiros pagar ao forista, xuntamente co capital, as rendas atrasadas e non prescritas, máis o 4% de interese en razón da demora (…).

Art. 10. Para harmonizalas opostas pretensións de foristas e foreiros sobre os pagos de pensións, recoñecemento de foros, redención, consolidación e demais cuestións que poidan suscitarse entre eles (…) créase un Tribunal e un procedemento especial.

Alfonso XIII, Real Decreto, 25-VI-1926.

2. COMENTARIO DUNHA FOTOGRAFÍA: A EMIGRACIÓN

Cuestións:

1. Cales son as causas do rápido aumento da emigración transoceánica galega dende finais do século XIX?
2. Cómo é a emigración a América?
3. Cales son os principais países de destino?
4. Enumera as consecuencias do proceso migratorio que tiveron maior repercusión para a economía e a sociedade galega.

RESPOSTAS:

1. COMENTARIO DE TEXTO: A REDENCIÓN DOS FOROS

O texto fai referencia a unha cuestión clave para a sociedade e a economía galega do último terzo do século XIX e o primeiro do XX: a redención dos foros. A redención dos foros é, posiblemente, o fenómeno máis significativo do período. A eliminación do sistema foral é unha vella reivindicación que queda agora definitivamente resolta. Tras varios intentos reflectidos na Ley de Paz Nóvoa na I República, despois suspendida, ou en proxectos como o de Montero Ríos en 1886 ou o de Eduardo Vicenti en 1907, a cuestión foral queda cerrada e recoñecida no plano legal en 1926 co decreto redencionista de Primo de Ribera.

O texto recolle varios dos artigos que compoñen o decreto de Primo de Ribera, decreto que ben a ser a confirmación legal dunha realidade que na práctica xa se ben aplicando dende finais do século XIX a través de acordos privados, sendo os anos comprendidos entre 1918 e 1923 os de maiores redencións forais. Finalmente, a solución á cuestión foral atópase na redención, que non na abolición, que supón o recoñecemento dos dereitos do que percibe as rendas mediante o pago dunha indemnización, non excesivamente elevada, por parte do campesiño que se fai coa propiedade da terra. Este proceso redencionista que converte ao campesiño en propietario da terra que traballa é posible, por unha parte, gracias a capacidade de manobra que o asociacionismo agrario permite ao labrego e, por outra, á relativa prosperidade agraria producida pola eficiente comercialización dos excedentes gandeiros ou polas remesas de cartos procedentes de América que permiten pagar as indemnizacións. Deste xeito, consolídase a pequena explotación familiar que permite a racionalización da produción agraria e a penetración do capitalismo no campo.

2. COMENTARIO DUNHA FOTOGRAFÍA: A EMIGRACIÓN

Cuestións:

1. Cales son as causas do rápido aumento da emigración transoceánica galega dende finais do século XIX?

As causas do fenómeno migratorio son complexas e difíciles de precisar pero, sen dúbida, a situación económica xeral de Galicia e, en particular, o desmantelamento da industria téxtil rural están na orixe da emigración a América.

2. Cómo é a emigración a América?

A emigración a América é unha emigración masiva, en ocasións case organizada e regulada polos propios gobernos. É, ademais, unha emigración maioritariamente

masculina e temporal xa que na maior parte dos casos os homes retornan a súa terra.

3. Cales son os principais países de destino?

   Os principais países de destino son países americanos como Cuba, Arxentina, Uruguai, Brasil ou Venezuela.

4. Enumera as consecuencias do proceso migratorio que tiveron maior repercusión para a economía e a sociedade galega.

   O fenómeno migratorio tamén reporta a Galicia grandes beneficios xa que sitúa á economía galega no ritmo evolutivo do capitalismo a nivel mundial. A emigración actúa como factor de modernización e de transformación da realidade económica, social e cultural de Galicia derivado, por unha parte, das remesas de cartos enviadas polos emigrantes e, por outra, da experiencia persoal recibida (alfabetización, urbanización, etc.) que os emigrantes retornados reflicten despois na súa terra de orixe.